



**CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL DO PLENO**

**RESUMO DOS ACORDOS DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 4 DE XUÑO DO
ANO 2021**

1.- Aprobación da seguinte acta:

Apróbase por asentimento unánime a acta do Pleno da sesión ordinaria do día 9 de abril de 2021.

2.- Posta en coñecemento das resolucións ditadas dende a data de celebración do último Pleno e, en especial, dos seguintes:

- Decreto núm. 4089, do 20/06/2021, sobre determinación, composición e funcionamento das Xuntas de Área (IV)
- Decreto núm. 4284, do 27/05/2021, sobre delegación temporal da Presidencia do Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes no concelleiro don Armando Ojea Buzo, exclusivamente para a sesión ordinaria do 27 de maio de 2021.
- Decreto núm. 4290, do 28/05/2021, sobre delegación temporal das funcións de Alcaldía no tenente de alcalde, don Armando Ojea Bouzo, do día 31 de maio ao 2 de xuño de 2021, ambos os dous incluídos.

O Concello Pleno deuse por informado dos decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende a data de celebración do último Pleno.

3.- Posta en coñecemento do informe de Tesouraría sobre o período medio de pago correspondente ao mes de abril de 2021

INFORME DE TESOURERÍA

1.- NORMATIVA APLICABLE:

A lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais, incorporou ó noso ordenamento xurídico a Directiva 200/35/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de xuño de 2000.

Transcorridos 5 anos dende a vixencia da citada norma, fíxose necesario a súa adaptación ós cambios producidos no entorno económico e modificación para que sexa aplicable, tanto

no ámbito da empresa privada, como no do sector público. Esta modificación levouse a cabo coa Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.

O artigo cuarto da citada norma establece:

“3.- Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.”

O Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira”.

Con este Real Decreto dáse cumprimento ó que establece a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, tras a reforma operada pola Lei Orgánica de Control da Débeda no Sector Público, que introduce o concepto de período medio de pago (PMP), como expresión do volume da débeda comercial, e establece a obriga de que todas as Administracións Públicas o apliquen e fagan público.

O obxectivo principal é contribuír a erradicar a morosidade das Administracións Públicas e controlar a débeda comercial, evitando a acumulación de atrasos no pago de facturas ós provedores.

A citada norma ten sido modificada no que se refire á **metodoloxía do cálculo do PMP** polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro. Como expón a información emitida polo propio Ministerio de Facenda, trátase con esa modificación de reforzar o cumprimento da normativa europea en materia de loita contra a morosidade, quedando a nova metodoloxía alineada coa normativa nacional, que traspón as directivas comunitarias, iniciándose o cómputo dos prazos, con carácter xeral, dende a aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, en lugar do criterio que se



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

aplicaba ata a data, no que o inicio do prazo de cómputo producíase dende os 30 días seguintes á entrada da factura no rexistro administrativo.

A nova **metodoloxía do cálculo do PMP** non permite que o dato resultante tome valor negativo si a Administración paga antes de trinta días naturais dende a presentación das facturas ou certificacións de obra.

2.- INFORME:

Establece o Real Decreto 635/2014, modificado polo Real Decreto 1040/2017, unha metodoloxía económica común para o cálculo do período medio de pago a provedores, período medio que ven a medir o atraso no pagamento da débeda comercial en termos económicos.

Así, calcularase un período medio de pago global a provedores que comprenderá o de todas as entidades incluídas no artigo 2 da LO 2/2012 e, o período medio de pago de cada entidade. Para o cálculo do período medio de pago o Real Decreto precisa as facturas que deberán ser tidas en conta e sinala, expresamente, aquelas que deberán ser excluídas. Estes cálculos, no caso das Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do TRLRFL aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo, será mensual.

A metodoloxía establecida para o cálculo do período medio de pago a provedores é a seguinte:

Artigo 4: “Cálculo do período medio de pago global a provedores”

$$\frac{\sum (\text{período medio de pago de cada entidade} * \text{importe operacións da entidade})}{\text{período medio de pago}} = \text{global a provedores} \sum \text{importe operacións das entidades}$$

“Se entenderá por importe de las operacións da entidade o importe total de pagos realizados e de pagos pendentes nos termos indicados nos artigos seguintes”

Artigo 5 (do RD 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo RD 1040/2017, de 22 de decembro): “*Cálculo do período medio de pago de cada entidade*”

1.- Aos efectos do cálculo do período medio de pago global ao que se refire o artigo anterior, o período medio de pago de cada entidade calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\frac{\text{rateo operacións pagadas} * \text{importe total pagos realizados} + \text{ratio operacións pendentes de pago} * \text{importe total pagos pendentes}}{\text{período}} = \text{medio de pago importe total pagos realizados} + \text{importe total pagos pendentes}$$

2.- Para os pagos realizados no mes, calcularase o cociente das operacións pagas de acordo coa seguinte fórmula:

$$\sum (\text{número de días de pago} * \text{importe da operación pagadas})$$

$$\text{rateo das operacións} = \frac{\quad}{\quad}$$

$$\text{pagadas} \text{ Importe total de pagos realizados}$$

Entenderase por número de días de pago, os días naturais transcorridos desde:

- A data de aprobación das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.
- A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata a data de pago material por parte da Administración, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

Nos supostos nos que non haxa obrigaón de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.

No caso das facturas que se paguen con cargo ao Fondo de Liquidez Autonómico ou con cargo á retención de importes a satisfacer polos recursos dos réximes de financiamento para pagar directamente aos provedores, considerarase como data de pago material a data da proposta de pago definitiva formulada pola Comunidade Autónoma ou a Corporación Local, segundo corresponda.

3. Para as operacións pendentes de pago ao final do mes calcularase a cociente de operacións pendentes de pago de acordo coa seguinte fórmula:

\sum (número de días pendentes de pago * importe da operación pendente de pago)

rateo de operacións = _____

pendentes de pago / Importe total de pagos pendentes

Entenderase por número de días pendentes de pago, os días naturais transcorridos desde:

a) A data de aprobación das certificacións de obra ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.

b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.

c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.

Nos supostos nos que non haxa obrigaón de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.”

Lémbrese que o concello de Ourense ten establecido o procedemento de conformidade de facturas para todos os bens ou servizos prestados polo que lle son de aplicación os apartados a) e b) de cada un dos supostos de cálculo do rateo de operacións pagadas e pendentes de pago

Aplicando a metodoloxía establecida no citado Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, os períodos medios de pago resultantes no mes de ABRIL de 2021 son:

	Concello	Consello Municipal de Deportes (*)
Rateo de operacións pagadas	26,60	19,25
Importe de operación pagadas	1.383.026,52 €	89.131,75 €
Rateo de operacións pendentes de pago	28,85	66,37
Importe de operacións pendentes de pago	5.319.630,28 €	228.979,72 €
PMP de cada entidade	28,39	53,17
Período medio de pago global a provedores	29,51	

(*) datos proporcionados polo administrador do CMD, xúntase documentación xustificativa

No cálculo dos períodos medios de pago, tal e como establece o artigo 3 do Real Decreto 635/2014, só se terán en conta as facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas e as certificacións de obra aprobadas dende a esa data. Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñen a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional, así mesmo, quedan excluídas as obrigas de pago que foron obxecto de retención dende esta Tesourería como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos similares ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Tendo en conta que o período medio de pago global resultante no Concello para o mes de ABRIL de 2021 é de **29,51** días, estase a **cumprir** o prazo previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais.

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, establece no artigo 10: “Os *órganos ou unidades administrativas que teñan atribuída a función de contabilidade nas Administracións*



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

Públicas efectuarán requirimentos periódicos de actuación respecto ás facturas pendentes de recoñecemento de obrigas, que serán dirixidos aos órganos competentes”.

endo en conta o sinalado, achégase como ANEXO I ó presente informe, copia do requirimento efectuado no mes de ABRIL de 2021 dende esta Tesourería ós servizos municipais que teñen facturas sen tramitar no rexistro de facturas que tiveron entrada no rexistro xeral do Concello con antigüidade superior a 30 días, (sexo por non estar devoltas, correctamente conformadas ou por presentar algún tipo de defecto subsanable polo servizo esixido dende a Intervención), no que se solicita, á vista dos prazos establecidos pola normativa vixente para a aprobación das facturas, procedan a realizar as actuacións pertinentes que permitan a tramitación do recoñecemento das obrigas.(ANEXO I-1). Nº expediente Cividas 2021017673

Como **ANEXO II**, achégase o informe de resume xerado polo programa de contabilidade no que se recolle o importe total das operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de ABRIL de 2021 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Concello.(ANEXO II-1 e ANEXO II-2)

Como **ANEXO III**, achégase os informes de detalle e resume xerados polo programa de contabilidade no que se recollen as operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de ABRIL de 2021 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Consello Municipal de Deportes, enviados a esta Tesourería dende o Organismo Autónomo.

O Concello Pleno deuse por informado.

4.- Posta en coñecemento do decreto da aprobación da liquidación do Orzamento do exercicio 2020

DECRETO

Expte.: 2021016280

1.- Con data 06/05/2021, unha vez rematados os traballos de confección da **liquidación do Orzamento do exercicio 2020** e confeccionados os listados e estados contables demostrativos de dita liquidación, remitíronse á intervención municipal para que procedese a emitir o informe previsto no artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo o que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como a incorporar aqueles que a normativa esixa.

2.- Con data 08/05/2021, o interventor municipal devolve o expediente (trámite recollido no xestor de expedientes municipal) mediante oficio 180-21, co tenor literal seguinte:

“Recibido expediente relativo á aprobación da liquidación do orzamento do Concello de Ourense correspondente ao exercicio económico 2020, solicítase achegar ao expediente administrativo pola súa relación coas magnitudes que reflicte a liquidación orzamentaria presentada, e por ende, por estimalo indispensable para a emisión do informe preceptivo a que fai referencia o artigo 191 do Real decreto lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo o que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a seguinte documentación :

- Listado contable de obrigas pendentes de pagamento procedentes de orzamentos pechados (MEM202A_04R)
- Listado contable de obrigas pendentes de pagamento procedentes de operacións non orzamentarias (MEM16B_04).
- Listado contable de dereitos pendentes de cobro procedentes de orzamentos pechados (MEM2422a)
- Listado contable de dereitos pendentes de cobro procedentes de operacións non orzamentarias (MEM16A_04).
- Listado contable cobros realizados pendentes de aplicación (MEM16C_04).
- Listado contable pagamentos realizados pendentes de aplicación (MEM16D_04).
- Estado de situación de existencias de tesourería a 31 de decembro, ou no seu caso, acta de arqueo a 31.12.2020.
- Maior da conta 4131 “ Acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento “.
- Comunicación do Ministerio de Hacienda ao Concello de Ourense da liquidación definitiva da participación dos tributos do Estado correspondente ao exercicio do 2018, por resultar indispensable para a práctica de axustes no cálculo do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Interesa o petitionado o disposto no artigo 10 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo o que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local, consonte co cal “ ...o órgano interventor recibirá o expediente orixinal completo, unha vez reunidos todos os xustificantes e emitidos os informes preceptivos, e cando este en disposición de que se dicte acordo polo órgano competente.”

3.- Con data 09/05/2021, en resposta ao citado oficio, dende o servizo de tesourería, fanse as seguintes consideración no oficio 23-2021, que se comunican á intervención municipal:

“O expediente de liquidación do orzamento xeral do exercicio 2020 está completo e a disposición da Intervención Municipal dende o día 06/05/2021, para a emisión dos informes preceptivos, motivo polo que o artigo 10 do Real decreto 424/2017, NON É APLICABLE.

Sen prexuízo do anterior, e co ánimo de facilitar a función da intervención municipal e de non dilatar a aprobación da liquidación do orzamento, se procede a facilitar a información solicitada indicando as seguintes observacións:



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

DOCUMENTO MEM202A_04R_ **documento que forma parte da Conta Xeral_**obrigas de orzamentos pechados

DOCUMENTO MEM16B_04_ **documento que forma parte da Conta Xeral_**acreedores por operacións non orzamentarias

DOCUMENTO MEM 2422a_ **documento que forma parte da Conta Xeral_**Dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados

DOCUMENTO MEM 16A_04_ **documento que forma parte da Conta Xeral_**debedores por operacións non orzamentarias

DOCUMENTO MEM 16C_04_ **documento que forma parte da Conta Xeral_**ingresos pendentes de aplicación

DOCUMENTO MEM 16D_04_ **documento que forma parte da Conta Xeral_**pagos pendentes de aplicación

Estado de situación de existencias de tesourería a 31/12/2020 ou acta de arqueo_ Remítese a documentación que obra no expediente 2020029571, relacionado có expediente da liquidación orzamentaria 2020.

Maior da conta 4131 a información que se desprende dos apuntes reflectidos nas contas 4131 foi incorporada á liquidación no documento MEM2411cR

Finalmente en canto as comunicacións do Ministerio de Facenda ao Concello de Ourense da liquidación definitiva da participación dos tributos do Estado correspondente ao exercicio do 2018, esta está a disposición da Intervención municipal do Concello na aplicación do Ministerio AUTORIZA. Sen prexuízo do cal, na búsqueda da máxima colaboración coa Intervención municipal, incorpóranse co resto da documentación solicitada, para axilizar a emisión dos informes preceptivos.”

4.- Con data 20/05/2021, emítese informe por parte da Intervención municipal, que conclúe:

“A liquidación orzamentaria presentada infórmase negativamente por omitir información que pode afectar á cuantificación de magnitudes orzamentarias fundamentais, isto é, Resultado orzamentario e o Remanente de Tesourería, no que atinxe á falta de seguimento das desviacións de financiamento acontecidas na prestación do Servizo de Axuda no Fogar e na Unidade de Condutas Aditivas, así como por inserir na cuantificación de obrigas pendentes de pagamento que conforman o Remanente de Tesourería, contías en sentido negativo, relativas á conta 4751 “ Hacienda Pública acreedora por diversos conceptos “ como a conta 4770 “ Hacienda Pública, iva repercutido “, reflectidas no Estado de operacións non orzamentarias de Tesourería cun saldo debedor, contrario a toda lóxica contable, e que no seu caso, deberían figurar como dereitos pendentes de cobro procedentes de operacións non orzamentarias, por representar dédedas que a facenda pública ten contraídas co Concello de Ourense e pendentes de ingreso a 31 de decembro de 2020.”

En relación coas conclusións que indica a Intervención Municipal, cabe lembrar o xa manifestado pola Tesoureira Municipal, o 10/05/2020 con ocasión do informe desfavorable da intervención municipal á liquidación orzamentaria do exercicio 2019, no que atinxe á falta de seguimento e control identificado dos gastos de Servizo de Axuda no Fogar e da Unidade de Conductas Aditivas así como no referente á correcta cuantificación de saldo das obrigas pendentes de pago non orzamentarias, polo que motivado no principio de imaxe fiel que rixe a contabilidade pública e de conformidade co previsto nos artigos 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o artigo 90 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, **RESOLVO:**

PRIMEIRO . – Aprobar a liquidación do Orzamento do Concello de Ourense, correspondente ao exercicio económico de 2020, conforme ao seguinte detalle:

- **DEREITOS PENDENTES DE COBRO E OBRIGAS PENDENTES DE PAGO DO EXERCICIO 2020.**

- **DEREITOS PENDENTES DE COBRO E OBRIGAS PENDENTES DE PAGO DE EXERCICIOS PECHADOS A 31/12/2020**

	SALDO INICIAL (saldo inicial +/-modif e anulacións-outras)	SALDO FINAL
OBRIGAS. PTES DE PAGO	4.440.271,06 €	464.392,44 €
DEREITOS. PTES DE COBRO	37.494.150,34 €	26.239.291,61 €

- **RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO**



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

• **REMANENTES DE CRÉDITO**

CAPITULOS	REMANENTE NO COMPROMETIDO			REMANENTE COMPROMETIDO	TOTAL
	DISPONIBLE	RETENIDO	AUTORIZADO		
CAPITULO 1	5.026.946,61 €	14.801,75 €	0,00 €	112.712,72 €	5.154.461,08 €
CAPITULO 2	13.812.336,26 €	3.463.010,54 €	2.344.335,48 €	5.883.754,41 €	25.503.436,69 €
CAPITULO 3	144.618,97 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	144.618,97 €
CAPITULO 4	1.183.866,32 €	556.841,95 €	11.306.091,20 €	792.444,07 €	13.839.243,54 €
CAPITULO 5	200.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	200.000,00 €
CAPITULO 6	24.878.103,12 €	5.181.130,33 €	5.896.543,65 €	8.206.822,48 €	44.162.599,58 €
CAPITULO 7	2.208.214,74 €	2.695.844,65 €	0,00 €	0,00 €	4.904.059,39 €
CAPITULO 8	0,16 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,16 €
CAPITULO 9	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTALES	47.454.086,18 €	11.911.629,22 €	19.546.970,33 €	14.995.733,68 €	93.908.419,41 €

REMANENTES COMPROMETIDOS		REMANENTES COMPROMETIDOS NON	
INCORPORABLES	NON INCORPORABLES	INCORPORABLES	NON INCORPORABLES
12.972.255,54 €	2.023.478,14 €	40.965.513,50 €	37.947.172,23 €

- **REMANENTE DE TESOURERIA**

		31/12/2020
1. (+) Fondos Líquidos		128.082.502,20 €
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		39.660.547,12 €
	+ Orzamento Corrente	12.881.311,44 €
	+ Orzamentos Pechados	26.239.291,61 €
	+ Outras Operacións non Orzamentarias	539.944,07 €
3. (-) Obrigas pendentes de pagamento		10.473.688,18 €
	+ Orzamento Corrente	7.091.713,48 €
	+ Orzamentos Pechados	464.392,44 €
	+ Outras Operacións non Orzamentarias	2.917.582,26 €
4. (+) Partidas pendentes de aplicación		- 425.813,35 €
	- Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	649.362,15 €
	+ Pagamentos pendentes de aplicación definitiva	223.548,80 €
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1 + 2 - 3 + 4)		156.843.547,79 €
	II. Saldos de dubidoso cobro	22.032.982,21 €
	III. Exceso de financiación afectada	8.374.896,84 €



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)		126.435.668,74 €
---	--	------------------

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno da Corporación da aprobación da liquidación, de acordo co previsto no artigo 193 do TRLRFL.

O Concello Pleno deuse por informado.

5.- Posta en coñecemento do decreto da liquidación do Orzamento do Consello Municipal de Deportes. Exercicio económico 2020.

DECRETO

Visto o informe emitido pola Intervención municipal, de conformidade co previsto nos artigos 191 do R.D. Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e o artigo 90 do R.D. 500/1990, do 20 de marzo, a data da presente, RESOLVO:

PRIMEIRO. - Aprobar a liquidación do Orzamento do Consello Municipal de Deportes, correspondente ó exercicio económico de 2020, conforme ó seguinte detalle:

- DEREITOS PENDENTES DE COBRO E OBRIGAS PENDENTES DE PAGO DO EXERCICIO 2020

ORZAMENTO DE INGRESOS	PREVISIÓN DEFINITIVAS	DEREITOS LIQUIDADOS	RECADACION NETA	PENDENTE DE COBRO
IMPOSTOS DIRECTOS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TAXAS Y OUTROS	600.000,00 €	196.832,08 €	183.000,03 €	13.832,05 €

INGRESOS				
TRANSF. CORRENTES	3.617.500,00 €	3.599.929,00 €	3.599.500,00 €	429,00 €
INGRESOS PATRIMONIAIS	23.547,00 €	13.585,11 €	2.781,93 €	10.803,18 €
TOTAL OPERAC. CORRENTES	4.241.047,00 €	3.810.346,19 €	3.785.281,96 €	25.064,23 €
ENAX. INVERS. REAIS				
TRANSF. CAPITAL	1.532.860,00 €	1.532.860,00 €	1.532.860,00 €	0,00 €
ACTIVOS FINANCEIROS	854.012,50 €	31.400,33 €	31.400,33 €	0,00 €
PASIVOS FINANCEIROS				
TOTAL OPERAC. CAPITAL	2.386.872,50 €	1.564.260,33 €	1.564.260,33 €	0,00 €
TOTAL CAPITULOS	6.627.919,50 €	5.374.606,52 €	5.349.542,29 €	25.064,23 €

ORZAMENTO DE GASTOS	CREDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	PAGOS LIQUIDOS	PENDENTE DE PAGO
GASTOS DE PERSOAL	1.903.613,90 €	1.757.691,37 €	1.757.691,37 €	0,00 €
GASTOS BS E SERV. CORRENTES	1.398.714,77 €	1.046.370,17 €	975.332,38 €	71.037,79 €
GASTOS FINANCEIROS	4.500,00 €	1.510,78 €	1.510,78 €	0,00 €
TRANSFERENC. CORRENTES	1.154.820,83 €	986.493,41 €	789.187,25 €	197.306,16 €
TOTAL OPERAC. CORRENTES	4.461.649,50 €	3.792.065,73 €	3.523.721,78 €	268.343,95 €
INVERSIÓN REAIS	2.117.860,00 €	470.195,35 €	431.397,78 €	38.797,57 €
TRANSFERENC. DE				



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

CAPITAL				
ACTIVOS FINANCEIROS	48.410,00 €	5.500,00 €	5.500,00 €	0,00 €
PASIVOS FINANCEIROS				
TOTAL OPERAC. CAPITAL	2.166.270,00 €	475.695,35 €	436.897,78 €	38.797,57 €
TOTAL CAPITULOS	6.627.919,50 €	4.267.761,08 €	3.960.619,56 €	307.141,52 €

- DEREITOS PENDENTES DE COBRO E OBRIGAS PENDENTES DE PAGO DE EXERCICIOS PECHADOS.

SDO INICIAL OBRIGAS DE PAGO DE PECHADOS	MODIF. SALDO INICIAL PTES EX.	PRESCRIPCIÓN OBRIGAS	PAGOS	SALDO FINAL PTE DE PAGO
725.238,02 €	0,00 €	0,00 €	725.238,02 €	0,00 €

SDO INICIAL DEREITOS DE COBRO DE PECHADOS	MODIF. SALDO INICIAL PTES EX.	DEREITOS CANCELADOS A ANULADOS	COBROS	SALDO FINAL PTE DE COBRO
71.166,54 €	0,00 €	0,00 €	45.309,64 €	25.856,90 €

- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO.

CONCEPTO	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
-----------------	-----------------------------------	----------------------------------	----------------	-------------------------------

a) Operacións correntes	3.810.346,19 €	3.792.065,73 €		18.280,46 €
b) Transaccións de capitais	1.532.860,00 €	470.195,35 €		1.062.664,65 €
1.- Total ops non financeiras (a+b)	5.343.206,19 €	4.262.261,08 €		1.080.945,11 €
2.- Activos financeiros	31.400,33 €	5.500,00 €		25.900,33 €
3.- Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €		0,00 €
4.-RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2+3)	5.374.606,52 €	4.267.761,08 €		1.106.845,44 €
AXUSTES				
5.- Creditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			592.013,91 €	
6.- Desviacións de financiación negativas do exercicio			0,00 €	
7.- Desviacións de financiación positivas do exercicio			0,00 €	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (4-5+6-7)				1.698.859,35 €

- REMANENTES DE CRÉDITO.

CAPITULOS	REMANENTE NON COMPROMETIDO			REMANENTE COMPROMETIDO	TOTAL
	DISPONIBLE	RETIDO	AUTORIZADO		
CAPITULO 1	143.922,53 €	2.174,54 €	0,00 €	0,00 €	145.922,53 €
CAPITULO 2	274.494,70 €	14.776,20 €	53.021,80 €	10.051,90 €	352.344,60 €
CAPITULO 3	2.989,22 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	2.989,22 €
CAPITULO 4	81.273,17 €	0,00 €	0,00 €	87.054,25 €	168.327,42 €
CAPITULO 6	1.631.087,65 €	0,00 €	0,00 €	16.577,00 €	1.647.664,65 €
CAPITULO 7	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

CAPITULO 8	42.910,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	42.910,00 €
CAPITULO 9	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAIS	2.176.677,27 €	16.950,74 €	53.021,80 €	113.683,15 €	2.360.158,42 €

REMANENTES COMPROMETIDOS		REMANENTES COMPROMETIDOS NON	
INCORPORABLES	NON INCORPORABLES	INCORPORABLES	NON INCORPORABLES
113.683,15 €	0,00 €	2.246.475,27	0,00 €

- REMANENTE DE TESOURERIA.

COMPONENTES	IMPORTE A 31/12/20
+ Fondos Líquidos	2.602.288,64 €
+ Dereitos pendentes de cobro	57.848,21 €
+ Orzamento Corrente	25.064,23 €
+ Orzamentos Pechados	25.856,90 €
+ Outras Operacións non Orzamentarias	6.927,08 €
- Obrigas pendentes de pago	379.906,10 €
+ Orzamento Corrente	307.141,52 €
+ Orzamentos Pechados	0,00 €
+ Outras operacións non Orzamentarias	72.764,58 €
+ Partidas pendentes de aplicación	-13.938,61 €
- cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	13.938,61 €
+ pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00 €
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	2.266.292,14 €

	II. Saldos de dubidoso cobro	6.772,34 €
	III. Exceso de financiación afectada	0,00 €
	IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)	2.259.519,80 €

SEGUNDO. - Dar conta ao Pleno da Corporación da aprobación da liquidación, de acordo co previsto no artigo 193 do TRLRHL.

O Concello Pleno deuse por informado.

6.- Informe sobre resolución de discrepancias pola Alcaldía-Presidencia correspondentes ao exercicio económico do 2020.

Informe sobre resolución de discrepancias pola Alcaldía-Presidencia correspondentes ao exercicio económico do 2020.

Exp.: 2021023138

Ref.: 31-21

1.- Marco normativo

De conformidade co disposto no artigo 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na redacción efectuada pola Lei 27/2013, do 17 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local : :

“ O órgano interventor elevará informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. O devandito informe atenderá unicamente a aspectos e labores propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice.

O contido neste apartado constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.O Presidente da Corporación poderá presentar no Pleno informe xustificativo da súa actuación.

Sen prexuízo do anterior, cando existan discrepancias, o Presidente da Entidade Local poderá elevar a súa resolución ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.

O órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno da Corporación



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Á citada documentación deberá acompañar, se é o caso, os informes xustificativos presentados pola Corporación local.”

1. No que atinxe ao momento temporal, o artigo 15 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, precisa que con ocasión da dación de conta da liquidación do orzamento, o órgano interventor elevará ao Pleno o informe anual de toda as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados

2.- Consideracións xurídicas

O exercicio da función fiscalizadora atópase regulada nos artigos 213 e ss. do Rd. lex. 2/04, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL), comprensiva, entre outras funcións, da intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico.

No contexto da fiscalización dos expedientes de gasto, cómpre salientar que a función fiscalizadora permite á Intervención municipal paralizar a tramitación dun determinado expediente mediante a formulación dunha nota de reparo, sempre que concorra algunha das seguintes circunstancias (art. 12 Real Decreto 424/2017, do 28 de abril):

- a. Cando o gasto propoñase a un órgano que careza de competencia para a súa aprobación.
- b. Cando se apreciaren graves irregularidades na documentación xustificativa do recoñecemento da obriga ou non se acredite suficientemente o dereito do seu perceptor.
- c. Cando se omitiran requisitos ou trámites que puidesen dar lugar á nulidade do acto, ou cando a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos á Tesourería da entidade local ou a un terceiro.

Nestes supostos, cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este, corresponderá á Alcaldía-Presidencia a resolución das discrepancias, sendo a súa resolución executiva e indelegable (art. 217 TRLRFL), quedando a Intervención municipal obrigada a elevar informe ó Pleno da Corporación sobre tódalas resolucións adoptadas polo Presidente da entidade local contrarias ós reparos formulados, ase como un resumo das principais anomalías en materia de ingresos (art. 218 TRLFL).

As anomalías detectadas pola Intervención municipal nos expedientes de gasto do exercicio económico do 2020 sometidos á súa fiscalización preceptiva, e que determinaron unha paralización temporal dos procedementos de gasto incoados, foron as que se relacionan no Anexo I (resolucións adoptadas contrarias a reparos formulados) e Anexo II (omisións do trámite de fiscalización previa).

O Concello Pleno deuse por informado.

7.- Posta en coñecemento do abandono voluntario do seu grupo municipal e solicitude de pase á condición de concelleiro/a non adscrito/a dos seguintes concelleiros/as: dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja, de don José Miguel Caride Domínguez e don Laureano Bermejo Ansia.

O Concello Pleno deuse por informado dos escritos presentados por dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja, de don José Miguel Caride Domínguez e don Laureano Bermejo Ansia nos que poñen en coñecemento o abandono voluntario dos seus partidos e solicitan formar parte da corporación como concelleiros non adscritos.

8.- Posta en coñecemento Acordo da Xunta de Voceiros do 20 de maio de 2021 en relación á participación nos órganos municipais dos concelleiros non adscritos.

O Concello Pleno deuse por informado do Acordo da Xunta de Voceiros do 20 de maio de 2021 en relación á participación nos órganos municipais dos concelleiros non adscritos.

9.- Parte resolutiva

9.1 Pronunciamento do Pleno sobre o “interese xeral” da iniciativa presentada pola Agrupación de Asociacións Veciñais do rural e periferia do Concello de Ourense Miño sobre o cumprimento da lei publicando as convocatorias de axudas municipais en tempo e forma, unificación e clarificación de criterios nas convocatorias de subvencións, garantindo transparencia na súa concesión e favorecendo a planificación dunha programación anual das actividades. E, de ser o caso, intervención do seu representante.

O secretario dá conta do ditame da Comisión do Pleno ordinario do 30 de abril de 2021, que por 8 votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de don Manuel Álvarez Fernández, concelleiro non adscrito; e 3 abstencións do Grupo Municipal de Democracia Ourensana ditamina favorablemente o interese xeral ao que se refire o punto da orde do día.

O Pleno do Concello, por vinte e tres votos a favor do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez, dona María del Mar Fernández Dibuja, don Manuel Fernández Álvarez e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e tres abstencións do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar o interese xeral da iniciativa.



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

9.2 Convenio de colaboración entre o Concello de Ourense e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para o financiamento, execución e entrega para o seu mantemento das obras do proxecto de acondicionamento da senda fluvial entre Outariz e o regato do Val (termo municipal de Ourense) para os exercicios 2021 e 2022

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a inclusión.

O secretario dá conta da proposta de Alcaldía do 31 de maio de 2021 para a súa aprobación en Pleno.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**:

1º) *Aprobar o convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS, con CIF: Q3200109A) e o Concello de Ourense para o financiamento, execución e entrega para o seu mantemento e conservación das obras do proxecto de acondicionamento da senda fluvial entre Outariz e o regato do Val conforme ao proxecto de convenio remitidos pola CHMS ao Concello o 29 de abril de 2021.*

2º) *Autorizar e dispoñer, contra a aplicación orzamentaria N 100 1532 72302, o gasto correspondente, conforme á seguinte distribución por anualidades:*

2021: 0 euros

2022: 250.000 euros (RCFUT1 nº 202100025309)

A autorización dos gastos plurianuais previstos queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos correspondentes ás anualidades futuras de referencia.

Autorízanse expresamente as porcentaxes de distribución das anualidades previstas no que excedan dos límites xerais establecidos no artigo 174.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

3º) *Facúltase á Alcaldía, en virtude das súas competencias de representación do Concello de Ourense, para a sinatura do convenio e de cantos documentos sexan necesarios para a súa execución e desenvolvemento e non requiran de acordo expreso doutros órganos de goberno municipais.*

9.3 Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e o Concello de Ourense para o financiamento, execución e entrega das obras do proxecto de mellora do saneamento en Velle 2021-2023.

Debátense conxuntamente os puntos 9.2 e 9.3.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a inclusión na orde do día.

O secretario dá conta da proposta de Alcaldía do 31 de maio de 2021 para a súa aprobación en Pleno.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou O seguinte **ACORDO**:

1º) *Aprobar o convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS, con CIF: Q3200109A) e o Concello de Ourense para o financiamento, execución e entrega das obras do proxecto de mellora do saneamento de Velle conforme ao proxecto de convenio remitido pola CHMS o 26 de maio de 2021.*

2º) *Autorizar e dispoñer, contra a aplicación orzamentaria N 100 1532 72302, o gasto correspondente, conforme á seguinte distribución por anualidades:*

2022: 566.069,50 euros (RCFUT1 nº 202100025316)

2023: 921.061,00 euros (RCFUT2 nº 202100025317)

A autorización dos gastos plurianuais previstos queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos correspondentes ás anualidades futuras de referencia.



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

Autorízanse expresamente as porcentaxes de distribución das anualidades previstas no que excedan dos límites xerais establecidos no artigo 174.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

3º) Facultase á Alcaldía, en virtude das súas competencias de representación do Concello de Ourense, para a sinatura do convenio e de cantos documentos sexan necesarios para a súa execución e desenvolvemento e non requiran de acordo expreso doutros órganos de goberno municipais.

9.4 Moción do Grupo Municipal do Partido Popular de apoio á “Asociación de Personas Sordas de Ourense” (APSOU)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas con discapacidade conforman a día de hoxe un dos colectivos para os que as administracións públicas debemos de redobrar os esforzos e mellorar as políticas que teñen como fin mellorar as súas condicións de vida e as das súas familias.

A integración das persoas con discapacidade ten que ser unha das prioridades do goberno desta cidade para lograr unha inclusión plena na sociedade destas persoas.

Un dos obxectivos das políticas públicas ten que ser contribuír a eliminación das barreiras de todo tipo (arquitectónicas, sensoriais, cognitivas) coa finalidade de acadar unha inclusión plena e efectiva das persoas, con independencia do tipo de discapacidade que padezan. Neste liña, toda medida encamiñada a facilitar o empoderamento das persoas xordas ou con discapacidade auditiva deben contar co respaldo dos concellos, como administración mais próxima á cidadanía e porta de entrada das demandas e inquiredanzas dos veciños e veciñas.

Este colectivo, no concello e na provincia de Ourense, tamén precisa dun acceso doado e completo ao ocio, á cultura, ao entretemento. É moi sinxelo deixar esa responsabilidade

sobre a “Asociación de Personas Sordas de Ourense”, pero esta xa está inmersa nunha loita constante por mellorar as situacións de desigualdade que sofren as persoas xordas no seu día a día. ¿É xusto pretender que xesan eles tamén os que asuman esa función? ¿Ten que quedar unha persoa xorda sen intérprete no médico, no avogado, na compra dun electrodoméstico? Porque a Asociación teña que asumir os servizos de ámbito cultural.

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular no concello de Ourense, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1.- Que o concello de Ourense adquira o compromiso co colectivo de persoas xordas, mediante a firma dun convenio coa “Asociación de Personas Sordas de Ourense” no que se elabore un proxecto para a accesibilidade da cultura en Ourense ou se concedan á Asociación os recursos necesarios para levalo a cabo.

Emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular

EMENDA DE ENGÁDEGA

PUNTOS DA PROPOSTA:

1. Que o Concello de Ourense adquira o compromiso co colectivo de persoas xordas, mediante a firma dun convenio coa “Asociación de Personas Sordas de Ourense” no que se elabore un proxecto para a accesibilidade da cultura en Ourense ou se concedan á asociación os recursos necesarios para levalo a cabo.

TEXTO DE ENGÁDEGA:

1. Que o Concello incorpore un intérprete de lingua de signos en todos os actos institucionais, incluíndo as sesións plenarias municipais, para así eliminar a discriminación que sofren as persoas xordas no exercicio do dereito de acceso en igualdade á información pública da administración local.



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

2. Que o Concello incremente a axuda económica que recibe anualmente o colectivo APSOU dentro do Plan Estratéxico Anual de Subvencións para o desenvolvemento da súa actividade.

SENDO OS SEGUINTE PUNTOS DE ACORDO OS DEFINITIVOS:

1. Que o Concello de Ourense adquira o compromiso co colectivo de persoas xordas, mediante a firma dun convenio coa “Asociación de Personas Sordas de Ourense” no que se elabore un proxecto para a accesibilidade da cultura en Ourense ou se concedan á asociación os recursos necesarios para levalo a cabo.
2. Que o Concello incorpore un intérprete de lingua de signos en todos os actos institucionais, incluíndo as sesións plenarias municipais, para así eliminar a discriminación que sofren as persoas xordas no exercicio do dereito de acceso en igualdade á información pública da administración local.
3. Que o Concello incremente a axuda económica que recibe anualmente o colectivo APSOU dentro do Plan Estratéxico Anual de Subvencións para o desenvolvemento da súa actividade.

O Pleno do Concello, por vinte votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez, dona María del Mar Fernández Dibuja, don Manuel Álvarez Rodríguez e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e sete abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a emenda do PSdeG-PSOE.

En consecuencia apróbase a moción coa emenda redactada polo PSdeG-PSOE.

9.5 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para a reactivación dos programas e servizos municipais de promoción da saúde e posta en valor da Aula Municipal de Saúde do Concello de Ourense

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aula municipal de saúde atópase na rúa Vasco da Ponte, núm. 1, no barrio de As Lagoas. É tamén nos últimos anos a sede da Concellería de Sanidade, malia o desmantelamento dos servizos que alí se prestaban por parte do anterior goberno do PP, continuado a posteriori polo cogoberno de PP eDO ata chegar á actualidade.

A programación da aula municipal da saúde do Concello de Ourense entre os anos 2009 e 2015 chegou a recoller os seguintes programas, servizos e iniciativas, cuxa maioría, a día de hoxedesapareceron:

- Programa de Saúde Materno-Infantil

Foi sen dúbida un dos programas municipais de maior éxito a todos os niveis, unha combinación de experiencias de aprendizaxe planificadas e destinadas a **facilitar comportamentos saudables nun colectivo moi vulnerable: o das nais e os bebés**. Cun único fin, o da mellora na calidade da saúde das familias, centrándose no desenvolvemento de actitudes e comportamentos positivos que conforman os estilos de vida saudables. Dentro deste programa realizáronse actividades ou habilitáronse servizos gratuítos como:

es *concursos de fotografía sobre lactación materna* (que acadou 8 edicións)

es *talleres formativos sobre a lactación materna e charlas sobre diversas temáticas*

o *Punto de Atención á Lactación Materna* (na propia aula municipal de saúde)

Yoga e Pilates para embarazadas e actividades acuáticas tamén para embarazadas no Pavillón dos Remedios

- Programa de Boas Prácticas Alimentarias e Prevención Activa da Obesidade

Este programa ofrecía recomendacións e apoio á cidadanía sobre como facer que os seus estilos de vida foran máis saudables, desenvolvendo distintas accións destinadas a fomentar unha dieta saudable e a actividade física regular aos colectivos máis vulnerables a través dunha metodoloxía participativa e coa implicación de sectores profesionais relacionados coa saúde, para reducir así o crecente problema do sobrepeso e a obesidade.

No marco deste programa púxose en marcha unha **Aula de Cociña** nesas dependencias municipais e tamén as seguintes actividades:

Asesoramento nutricional para os comedores escolares

Cursos de Hixiene e Seguridade Alimentaria

Talleres de Alimentación Saudable

Finalmente, tamén é importante poñer en valor **outros programas da Concellería de Sanidade que se potenciaron no seu día e que agora se atopan en condicións**



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

precarias, coma son os de *prevención de adicións na comunidade educativa, o programa de deshabitación tabáquica, o SMaFF (Servizo Municipal de Atención ás Familias con Fillos), OcioOurense (a cuxa subvención estatal se renunciou nos 2 últimos anos), ou a Escola de Pais e Nais.*

A Aula de Promoción da Saúde das Lagoas é unha infraestrutura municipal que contaba cun funcionamento óptimo, pero que foi baleirada de contido nos últimos 6 anos, e que a día de hoxe dorme o sono dos xustos pola falta de iniciativa dos últimos gobernos municipais de PP e DO, que deixaron de lado as políticas de conciliación e fomento de hábitos saudables dende as súas responsabilidades institucionais.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, o seguinte **PUNTO DE ACORDO**:

- 1. Solicitar ao Goberno Municipal a *recuperación dos programas e servizos de promoción da saúde que existían na Aula Municipal da Saúde de As Lagoas (a través das modificacións económicas necesarias e coa dotación do persoal de reforzo preciso para que isto se poida materializar xa no presente ano 2021), poñendo de novo en valor esta dotación municipal.***

O Pleno do Concello, por vinte e catro votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez, dona María del Mar Fernández Dibuja, don Manuel Álvarez Rodríguez e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e tres abstencións do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

9.6 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para a creación dun Consello Municipal de Multiculturalidade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O movemento migratorio é un fenómeno que afecta tanto ao ámbito humano como ao económico, medrando continuamente en magnitude nunha Europa que debe abordalo afastándose de posicións partidistas e fórmulas simplistas ou reaccionarias.

Durante os últimos anos, España tamén está a converterse nun país receptor de inmigración, acollendo, sobre todo, persoas procedentes de países de África, Asia e América Latina.

Ourense non é allea a estes movementos migratorios, que tamén están a reflectirse na composición da súa poboación, sendo deber deste consistorio coñecer e dar respostas a esta

nova realidade social na nosa cidade. No ano 2006 un 4 % do censo da capital era de orixe estranxeiro, e no 2021 a porcentaxe aumentou ata case o 12 %, sendo a cidade do Estado na que máis creceu o número de cidadáns estranxeiros non europeos, concentrándose a súa localización no barrio do Couto e no Casco Vello. A sección urbana con máis residentes estranxeiros é a que comprende as rúas Doutor Fleming e a contorna próxima ao río Barbaña.

En xeral, a comunidade de orixe latina é o colectivo de persoas estranxeiras máis numeroso na capital, seguido dun número máis reducido de persoas procedentes de Marrocos, Senegal e China.

Neste contexto, son públicos os acontecementos sucedidos e denunciados semanas atrás no barrio do Couto, a causa de panfletos anónimos de contido racista e xenófobo dirixidos contra a poboación latinoamericana da zona. A agresión tamén recente a unha persoa de raza negra e orixe cubano foi o triste e lamentable colofón dunha cadea de accións discriminatorias. Afortunadamente, trátase de incidentes illados que non definen unha sociedade, a ourensá, que é aberta, tolerante e comprensiva cara á migración debido á nosa condición tradicional de emigrantes.

Non obstante, cando acontecen problemas de convivencia, enfrontamentos ou conflitos declarados hai que prestarlles atención, e analizar as motivacións e necesidades da poboación afectada, tanto da estranxeira como da nativa do territorio. Nestas circunstancias, precisamos intensificar o contacto social directo e planificar, de xeito pormenorizado, os obxectivos de convivencia e progreso social que cómpre conseguir. Actuando deste xeito, poderemos evitar situacións difíciles e liortas *in situ* nos barrios da cidade, así como atoparmos solucións referidas a problemáticas comúns.

Por estas razóns, necesitamos tender unha ponte de comunicación e diálogo entre a poboación inmigrante e a sociedade ourensá que a acolle. Temos que falar **con** eles e elas e non só **de** eles ou elas. Debemos lograr que a veciñanza estranxeira participe activamente na vida municipal porque **xuntos/as, entre todos/as**, pódese conseguir máis. Actuando deste xeito, o Concello de Ourense dará resposta ao crecente número de residentes foráneos que viven permanentemente entre nós, permitíndolles participar e seren escoitados/as nos procesos locais de toma de decisións.

Con esta filosofía naceu, en 1971, o primeiro Consello Municipal de Estranxeiros na cidade xermana de Braunschweig (250.000 habitantes, co 25% de residentes procedentes de 150 países), sendo referente dun xeito de adaptarse, con éxito, á emigración nun país netamente receptor como é Alemaña (así, por exemplo, foi o primeiro concello teutón que habilitou espazo no cemiterio para o ritual de lavado de cadáveres musulmáns).

Na actualidade, a lei municipal alemá fixa os consellos consultivos de integración como obrigatorios en poboacións de máis de 20 000 habitantes se o censo estranxeiro supera o 5 % do total -aínda que tamén poden implantalos as de menos de 20 000 habitantes se así o deciden-, e abranguen os ámbitos de educación, sanidade, traballo ou vivenda, entre outros. A elección de representantes estranxeiros nestes órganos realízase de xeito indirecto (o



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

consello municipal solicita representantes ás entidades que traballan con poboación inmigrante) ou directo (é a propia poboación estranxeira quen os elixe, vía eleccións, para o consello consultivo).

Ademais, existen consellos autonómicos alemáns desta natureza, que envían –á súa vez– delegados aos consellos autonómicos de educación, seguridade cidadá, radio e televisións públicas ou ao Consello da Muller.

En España, existen diversos instrumentos institucionais en forma de regulamentos e plans de inmigración en varias cidades, como é o caso de Barcelona (1997), León, Burgos e Almería (2005), Almería (2006), Albacete (2009), Bilbao (2011), Elxe (2012), Alacante (2015) ou Sevilla (2018).

No ámbito galego, o Concello de Vigo conta, dende 2008, co Consello Sectorial das Migracións, un órgano de participación consultivo e asesor, que acolle tanto a emigrantes como a inmigrantes, cuxa finalidade é procurar “a mellor solución para acadar o maior nivel de benestar posible, así como a autonomía e a integración social das persoas inmigrantes, emigrantes retornados e emigrantes”.

Tomando como base os exemplos ata o de agora expostos, o grupo municipal do PSdeG-PSOE considera necesario crear un consello consultivo de características semellantes aos expostos, que vele pola igualdade na convivencia, prime a apertura intercultural e a colaboración interinstitucional (coa Deputación, a Xunta e a Subdelegación do Goberno, por exemplo), preveña e loite contra a discriminación, o racismo e a violencia xenófoba, coopere coas entidades de atención ao inmigrante (Cáritas, Cruz Vermella, Sindicatos, as ONG e demais entidades do terceiro sector deste ámbito, asociacións de inmigrantes, empresariais e veciñais, etc.), contribúa a mellorar a situación habitacional e sanitaria, así como os resultados educativos dos inmigrantes, e premie a adaptación e os logros de desenvolvemento social.

Tal consello, ao que propoñemos nomear como Consello Municipal de Multiculturalidade, pois, na nosa opinión, evita asimetrías na relación entre cidade receptora e poboación estranxeira, ao tempo que enxalza a riqueza da pluralidade de culturas, debe ser un órgano consultivo de participación e asesoramento, ao que se deberá dotar de apoio financeiro na medida que se decida, fixar funcións, asignar competencias e, incluso, designar “guías” ou “titores” de cada comunidade co obxecto de facilitar a conexión dos inmigrantes coa realidade da cidade, sen esquecer a súa valía para aportar contribucións alleas ao noso entorno socioeducativo, cultural, económico, etc.

Este consello facilitará o cumprimento, asemade, do establecido no artigo 9.2 da Constitución Española, que determina: "que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e a dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan o dificulten seu benestar e facilitar súa participación na vida política, económica, cultural e social.”

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, o seguinte **PUNTO DE ACORDO**:

1. **Aprobar a creación do Consello Municipal de Multiculturalidade do Concello de Ourense, e convocar, á maior brevidade posible, os grupos con representación municipal para que designen representantes co obxecto de redactar o regulamento de organización e funcionamento deste órgano consultivo dirixido a forxar un modelo harmonioso de convivencia, desenvolvemento e progreso na sociedade diversa da cidade de Ourense.**

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

9.7 Moción do Grupo Municipal do Partido Popular para solicitar ao “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana” a instalación dun centro de emprego dixital de RENFE na cidade de Ourense

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El ministro responsable de las competencias de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana, el señor José Luis Ábalos, ha anunciado el desarrollo de un plan de descentralización de centros de actividad de la empresa pública Renfe, con el fin de crear empleo cualificado en el conjunto de ciudades pequeñas o medianas de España.

La creación de estos centros de empleo digital (Centros de Competencias Digitales) forma parte de la estrategia de transformación digital, internalización y eficiencia, recogida en el Plan Estratégico 2019-2023 del Grupo Renfe. Con ellos, se busca principalmente activar la eficiencia de servicios tecnológicos externalizados, acelerar la transformación digital de la empresa, situar a Renfe en el conocimiento y aplicación de tecnologías digitales y contribuir al proceso de descentralización geográfica de las capacidades y recursos de Renfe.

Según las informaciones facilitadas por la propia empresa, Renfe, se trata de los denominados servicios “factorizables”, es decir, aquellos que cumplen la condición de poderse prestar desde cualquier ubicación y tienen el volumen suficiente.

En este contexto, el Ministerio de transporte, movilidad y Agenda Pública y la empresa pública Renfe ya ha realizado una serie de anuncios al respecto con el despliegue de centros de desarrollo en Teruel, Linares, Alcázar de San Juan (Toledo), Mérida o Miranda de Ebro (Burgos), que se convertirán en breve en sedes de los nuevos Centros de Empleo Digital de la empresa pública Renfe. La suma de los centros anunciados, alcanzan más de 400 nuevos empleos en dichas ciudades.



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

- El anuncio correspondiente a la sede de Teruel, permitirá crear un centro de Empleo Digital de Renfe en materia de centro de proceso de datos donde se instalarán los componentes electrónicos necesarios para el almacenamiento y procesamiento de información crítica para garantizar la continuidad del servicio. Se estima una creación de entre 50 y 60 puestos de trabajo.
- En el caso del centro anunciado en Miranda de Ebro (Burgos) se dedicará al mantenimiento de aplicaciones informáticas de gestión y de aplicaciones móviles, y cuenta con una previsión de creación de más de 100 nuevos empleos de calidad, con personal cualificado tanto de formación profesional como de ingenierías.
- Linares acogerá un centro de empleo digital que acogerá hasta 125 nuevos puestos de trabajo. Este centro se ocupará del diseño y aplicación de las tecnologías digitales más avanzadas para mejorar la experiencia de sus clientes y el conocimiento de las necesidades de cada uno de ellos.
- En el caso de Mérida, la ciudad acogerá el Centro Tecnológico Avanzado para la Atención y Gestión de Clientes de Renfe, “Customer Care”, se ubicará en las antiguas instalaciones del taller de Renfe en la capital extremeña, que serán rehabilitadas para tal fin. Este nuevo centro comenzará su actividad el próximo mes de julio y supondrá la creación de alrededor de 100 puestos de trabajo cualificados entre 2021 y 2024.
- La sede de Alcazar de San Juan (Toledo) contará con una infraestructura de la compañía ferroviaria que albergará una actividad tecnológica relacionada con la robótica y la inteligencia artificial.

Esta actuación del ministerio se enmarca en las medidas aprobadas por el consejo de ministros para afrontar el reto demográfico, en concreto lo recogido en el Eje 7: REFUERZO DE LOS SERVICIOS PÚBLICOS E IMPULSO DE LA DESCENTRALIZACIÓN, donde se afirma: “avanzar en la descentralización de actividades e infraestructuras públicas en el territorio, contribuyendo a frenar o revertir la tendencia a la concentración en las grandes áreas urbanas, y a generar innovación, actividad y empleo en las zonas afectadas por el declive demográfico”.

En este contexto debemos indicar que Ourense cumple con los requisitos establecidos para acoger alguno de estos centros siguiendo los objetivos del reto demográfico:

- El primero de ellos, son las cifras mostradas en las tendencias de la pirámide poblacional de la ciudad y de la provincia.

- El segundo, situarse en un enclave de especial relevancia ferroviaria. Ourense es y ha sido nudo ferroviario de gran importancia en la red norte del ferrocarril de la península ibérica. A nadie se le escapa que será la entrada del Ave a Galicia y al Norte de Portugal en un futuro.

- Y el tercero, que la propia Renfe tenga terrenos en el lugar. Tanto Renfe como el gestor de infraestructuras, ADIF, cuentan con infraestructuras en la ciudad que requieren de un necesario proceso de recuperación, pero que sin duda serían adecuados para acoger un centro de empleo digital de la empresa pública Renfe.

- Además debemos añadir las sinergias que este tipo de infraestructuras pueden generar:
 - con la facultad de informática del campus de Ourense y con la futura titulación de ingeniería de inteligencia artificial a ubicar en el campus de Ourense.
 - También con la facultad de ingeniería Aeronáutica y la aplicación de drones a la vigilancia de las redes ferroviarias en España y Europa.
 - Con los distintos centros de formación profesional y sus ramas técnicas y/o científicas. Incluido las sinergias que se puedan crear con el nuevo centro de I+D para la formación profesional que en breve estará al servicio de toda Galicia y que acoge nuestra ciudad.

- Por todo lo expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular de Ourense presenta en este pleno, para su aprobación las siguientes

PROPUESTAS DE ACUERDOS:



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

- 1. Instar al gobierno de España a instalar en Ourense una sede de los denominados Centros de Competencias Digitales que promueve la empresa pública Renfe para la creación de un centro de empleo digital.
- 2. Exigir al gobierno de España la creación de empleo cualificado en la ciudad de Ourense.
- 3. Instar al Gobierno Municipal a realizar y desarrollar todas las acciones necesarias para facilitar la selección en Ourense y que sea una sede de este tipo de centros de empleo digital.

Emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

SUBSTITUCIÓN DOS PUNTOS DA PROPOSTA:

1. Instar al gobierno de España a instalar en Ourense una sede de los denominados Centros de Competencias Digitales que promueve la empresa pública Renfe para la creación de un centro de empleo digital.
2. Exigir al gobierno de España la creación de empleo cualificado en la ciudad de Ourense.
3. Instar al Gobierno Municipal a realizar y desarrollar todas las acciones necesarias para facilitar la selección en Ourense y que sea una sede de este tipo de centros de empleo digital.

POLO SEGUINTES PUNTOS:

4. Instar ao goberno de España a instalar en Ourense unha sede dos denominados Centros de Competencias Dixitais que promove a empresa pública Renfe para a creación dun centro de emprego dixital.
5. Instar á Xunta de Galicia para que acometa en Ourense políticas activas de emprego e de descentralización de servizos públicos, coa finalidade de fixar poboación e facer fronte ao reto demográfico.
6. Instar ao goberno municipal a realizar e desenvolver todas as accións necesarias para facilitar a selección en Ourense e que sexa unha sede deste tipo de centros de emprego dixital.

NOVA REDACCIÓN FINAL:

1. Instar ao goberno de España a instalar en Ourense unha sede dos denominados Centros de Competencias Dixitais que promove a empresa pública Renfe para a creación dun centro de emprego dixital.

2. Instar á Xunta de Galicia para que acometa en Ourense políticas activas de emprego e de descentralización de servizos públicos, coa finalidade de fixar poboación e facer fronte ao reto demográfico.
3. Instar ao goberno municipal a realizar e desenvolver todas as accións necesarias para facilitar a selección en Ourense e que sexa unha sede deste tipo de centros de emprego dixital.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a emenda do PSdeG-PSOE.

En consecuencia queda aprobada a moción coa redacción dada pola emenda do PSdeG-PSOE.

9.8 Moción presentada polo concelleiro non adscrito don José Miguel Caride Domínguez sobre a posta en funcionamento da Oficina da Mobilidade de Ourense, en cumprimento do previsto no Plan de mobilidade sustentable do Concello de Ourense aprobado en Xunta de Goberno Local do 28 de novembro de 2019

EXPOSICION DE MOTIVOS

A Xunta de goberno local, en sesión ordinaria do 28 de novembro de 2019, aprobou o PLAN DE MOBILIDADE URBAN SUSTENTABLE (PMUS), promovido pola Concellería de Infraestruturas e Mobilidade, o fronte da cal atopábase naquela data o proponente desta moción, e que foi elaborado pola empresa URBA+, Consultora de Urbanismo e Arquitectura.

O PMUS, que inclúe as aportacións recollidas durante un amplo proceso de participación social no que estivo implicado o 8% da veciñanza do municipio, iniciado trala constitución da MESA DA MOBILIDADE e a elaboración do documento MOVETE POR OURENSE, e que foi presentado a sociedade ourensá nun acto público celebrado o día 10 de decembro de 2019 na Sala Valente desta cidade, aborda cuestións como os movementos de tráfico, as peatonalizaciones, a humanización do espazo público, zonas onde débese intervir para incrementar a seguridade viaria, a incorporación de elementos mecánicos de mobilidade vertical, cámaras de vixilancia, radares e zonas A30, entre outros.

Este PMUS enmárcase na Lei 2/2011, de 4 de marzo de Economía Sustentable (modificada o 7 de Marzo de 2018,) que define os obxetivos da política de mobilidade sustentable e que no seu artigo 101 establece literalmente:

“1. Los Planes de Movilidad Sostenible son un conjunto de actuaciones que tienen como objetivo la implantación de formas de desplazamiento más sostenibles en el ámbito



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

geográfico que corresponda, priorizando a redución do transporte individual en beneficio dos sistemas colectivos e de outros modos non motorizados de transportes e desenvolvendo aqueles que fagan compatibles crecemento económico, cohesión social, seguridade vial e defensa do medio ambiente, garantizando, desta forma, unha mellor calidade de vida para os cidadáns. Estes plans deberán dar cabida a solucións e iniciativas novedosas, que reduzan eficazmente o impacto medioambiental da mobilidade, ao menor custo posible”.

O PMUS de Ourense convértese nunha oportunidade para a cidade, a súa execución supondrá mudar o modelo de mobilidade actual orientando o mesmo cara patróns máis eficientes e sustentables; cara o fomento da mobilidade peonil e a humanización da cidade; restablecendo o equilibrio do espazo público, dando máis protagonismo ás persoas, potenciando o transporte público e os modos non motorizados, en detrimento do uso do vehículo privado. Para acadalo, plantéxanse o desenvolvemento de diferentes accións e liñas estratéxicas que, mediante o seguimento continuado das mesmas, a súa revisión e adaptación no tempo farán que o novo modelo de mobilidade que Ourense precisa sexa unha realidade. Para elo, definíronse 10 obxetivos a acadar a través de diferentes liñas estratéxicas, nas que se agrupan as 73 accións que contempla o Plan.

O prazo de execución das accións propostas estruturouse en 3 fases de actuación:

FASE I, curto prazo: ata 1 ano (2019-2020)

FASE II, medio prazo: 4 anos (2021-2025)

FASE III, longo prazo: máis de 5 anos (> 2025)

A liña estratéxica 1.4, baixo o epígrafe “*Controlar o cumprimento das accións do PMUS e o seu cronograma*”, contempla, na súa acción A8 a **creación da OFICINA DA MOBILIDADE**, co fin de realizar a execución e o seguimento das accións propostas no PMUS. Esta oficina terá relacións estreitas cos técnicos e personal de todos os departamentos do Concello, e en especial con urbanismo, medioambiente, infraestruturas, transportes, educación e comercio. Tamén contéplase que a Policía Local mediante o servizo de axentes expertos en mobilidade, forme parte da propia Oficina Municipal da Mobilidade, e as súas funcións han de estar integradas na mesma. A composición do equipo de traballo será multidisciplinar con persoal fixo formado por membros do Concello e de persoal externo de apoio.

Asemade, esta oficina formará parte da COMISION TECNICA DA MOVILIDADE na que se integra xunto cos responsábeis políticos das áreas de goberno afectadas e rendirá contas da súa xestión á COMISION DE SEGUIMIENTO DO PMUS.

A fase primeira do plan de actuación que comprendía os anos 2019 e 2020 e que tiña que estar xa moi avanzada aínda non se iniciou, o que supón un importe retraso no cronograma de desenvolvemento do PMUS. O proponente desta moción, ao tempo Concelleiro de Infraestruturas e Mobilidade, solicitou sen éxito en 2019 e en 2020, a dotación de persoal e recursos orzamentarios para a posta en marcha da Oficina da Mobilidade de Ourense, asemade celebráronse xuntanzas coas Concelleiras de Seguridade e de Urbanismo, con responsábeis da Policía Local, técnicos do Concello e as redactoras de PMUS en orden a posta en marcha da Comisión Técnica como paso previo a constitución da Comisión de Seguimento. Dende setembro de 2020 en que este proponente foi cesado como Concelleiro de Infraestruturas e Mobilidade, non voltamos a ter novas sobre o PMUS ni sobre a súa posta en marcha. Ao mesmo tempo, dende a alcaldía fóronse tomando decisións en materia de mobilidade ao marxe do PMUS.

Finalmente é de significar que xa foi traído ao Pleno do Concello, por distintos grupos municipais, máis dunha moción en materia de mobilidade e sobre a posta en marcha do PMUS, materia que sempre concitou un amplo consenso político.

Para poder poñer en marcha o PLAN DE MOVILIDADE URBAN SUSTENTABLE (PMUS) DE OURENSE é imprescindible crear e por en marcha a OFICINA DA MOBILIDADE, coa estrutura administrativa, funcións e competencias sinaladas no devandito Plan, dotándoa do persoal, recursos materiais e orzamentarios idóneos para o cumprimento dos seus fins.

En atención ao exposto, solicitamos que o Pleno do Concello de Ourense adopte o seguinte:

ACORDO

Instar ao Concello de Ourense a fin de que a maior brevidade cree e poña en funcionamento a OFICINA DA MOBILIDADE DE OURENSE tal e como se propón na liña estratéxica 1.4 do PLAN DE MOVILIDADE URBAN SUSTENTABLE aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 28 de novembro de 2019, coa estrutura administrativa, funcións e competencia sinaladas na mesma, dotándoa do persoal, recursos materiais e orzamentarios idóneos para o desempeño dos seus fins.

O Pleno do Concello, por vinte e catro votos a favor do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez, de dona María del Mar Fernández Dibuja, don Manuel Álvarez Fernández e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e tres abstencións do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

9.9 Moción do Grupo Municipal de Ciudadanos relativa á prevención do suicidio e saúde mental

Exposición de motivos:

O suicidio é un dos grandes tabús sociais que existen e un eterno esquecido nas institucións públicas, que ademais se ve diluído nas estatísticas.

O suicidio segue sendo a primeira causa de morte externa no noso país. Actualmente, as persoas que deciden acabar coa súa vida son o dobre das que falecen en accidentes na



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

estrada. Esta morte silenciada está a ter unha tendencia ascendente, 3.539 persoas faleceron por suicidio en 2018, aumentando un 9,8% en 2019.

Tras un ano de distanciamento social, limitación de visitas de familiares e amigos, xa existen diversos estudos que confirman que se incrementaron as taxas de ansiedade coas restricións nas visitas de familiares e a incerteza polo prognóstico da enfermidade. Ademais, apareceron nalgúns pacientes síntomas afectivos e psicóticos relacionados cos tratamentos.

A situación actual, ponnos de manifesto que durante os próximos anos veremos as consecuencias do COVID-19 relacionadas coa saúde mental durante o estado de alarma, o illamento e restricións de mobilidade, respecto ao resto de pacientes e profesionais.

Este fatídico ano está a mostrar a peor cara da saúde mental cun empeoramento e aumento de patoloxías xa diagnosticadas como esquizofrenias, Trastorno Obsesivo Compulsivo (TOC) ou o aumento de consumo de estupefacientes.

No caso de Ourense, o CHUO conta cunha das primeiras Unidades de Prevención do Suicidio a nivel nacional, activa desde 2009 e que mantivo a súa actividade de maneira non presencial ao longo dos meses da alerta sanitaria.

En 2019, máis de 200 pacientes de todas as idades, niveis sociais, culturais, económicos e procedencia pasaron por esta unidade. Segundo explican desde o Sergas, hai un progresivo incremento de homes, cun repunte de mozos entre 16 e 25 anos. De feito, os datos sinalan que o suicidio é a segunda causa de morte entre os 15 e os 29 anos.

Neste sentido, profesionais da unidade móstranse preocupados *“ polo posible efecto negativo dá tensión emocional, derivada dá pandemia de Covid-19, producida polo illamento, a incerteza, ou duelo, ou medo e as dificultades económicas ”, polo que é o momento de axuntar esforzos.*

Desde Ciudadanos preocúpanos especialmente a situación que podemos vivir nos próximos meses e estamos convencidos que a administración municipal ten un papel fundamental e pode axudar a visibilizar e concienciar para a detección deste problema.

Proposta para a súa aprobación:

1.- Instar o Goberno local a crear campañas de concienciación, sensibilización, información, formación e promoción da saúde mental e erradicación dos estigmas sociais en relación á saúde mental, involucrando á entidades relacionadas con tal fin.

2.- Instar o Goberno local a implementar nos centros municipais (servizos sociais, centros cívicos...) plans específicos de preservación e asesoramento para persoas con problemas de saúde mental e a colaboración de con os axentes sociais da cidade.

3.- Instar o Goberno local a crear un programa específico, para sensibilizar sobre a prevención do suicidio, a súa contorna e desenvolver actividades e contidos encamiñadas á súa prevención, en idades temperás, para evitar o suicidio dos máis novos.

4.- Instar á Xunta de Galicia ao desenvolvemento de políticas de saúde mental e prevención do suicidio, e o seu posible financiamento a través dos Fondos da Unión (ReactEU e Fondo Social europeo 2021-2027).

5.-Instar o Goberno local a que se declare cidade comprometida coa prevención do suicidio e a atención ao sobrevivente e que cada 10 de setembro o Concello ilumine os espazos municipais habilitados para visibilizar o Día Internacional da Prevención do Suicidio.

Emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular

EMENDA DE ENGÁDEGA

TEXTO INICIAL DA PROPOSTA DE ACORDO

1.-Instar o Goberno local a crear campañas de concienciación, sensibilización, información, formación e promoción da saúde mental e erradicación dos estigmas sociais en relación á saúde mental, involucrando á entidades relacionadas con tal fin.

2.- Instar o Goberno local a implementar nos centros municipais (servizos sociais, centros cívicos...) plans específicos de preservación e asesoramento para persoas con problemas de saúde mental e a colaboración de con os axentes sociais da cidade.

3.- Instar o Goberno local a crear un programa específico, para sensibilizar sobre a prevención do suicidio, a súa contorna e desenvolver actividades e contidos encamiñadas á súa prevención, en idades temperás, para evitar o suicidio dos máis novos.

4.- Instar á Xunta de Galicia ao desenvolvemento de políticas de saúde mental e prevención do suicidio, e o seu posible financiamento a través dos Fondos da Unión (ReactEU e Fondo Social europeo 2021-2027).



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

5.- Instar o Goberno local a que se declare cidade comprometida coa prevención do suicidio e a atención ao sobrevivente e que cada 10 de setembro o Concello ilumine os espazos municipais habilitados para visibilizar o Día Internacional da Prevención do Suicidio.

PROPOSTA DE ENGÁDEGA

6.- Instar á Xunta de Galiza a:

6.1- Incrementar nos orzamentos da Xunta para o ano 2022 os recursos destinados a sufragar o anunciado *Plan de saúde mental pos COVID 19*, nunha contía mínima de 21 M€.

O Pleno do Concello, dezaste votos a favor do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez, dona María del Mar Fernández Dibuja, don Manuel Álvarez Fernández e don Laureano Bermejo Ansia; e dez abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a emenda do BNG.

En consecuencia queda aprobada a moción coa redacción dada pola emenda do Bloque Nacionalista Galego.

9.10 Moción do Grupo Municipal de Ciudadanos relativa á falta de infraestruturas para a práctica da escalada en Ourense

Exposición de motivos:

Existen deportes que manteñen o seu liderado desde hai décadas e outros que comezaron a despuntar nos últimos anos. Entre estes últimos, debemos falar especialmente da escalada, xa que o número de afeccionados a esta disciplina deportiva aumentou de forma exponencial converténdose nun deporte social que gaña cada vez máis adeptos.

A proliferación de espazos como os rocódromos nas principais cidades foi decisiva para o auxe da escalada como deporte social. Neste tipo de espazos os escaladores, desde os novatos ata os máis experimentados, van a saír da súa rutina sen esquecer os beneficios físicos de practicar este deporte como son, entre outros, a perda de peso, a mellora do ton muscular e o incremento da flexibilidade.

Nos rocódromos pódese aprender a escalar de maneira profesional e sen percibir o posible risco que supón a escalada en exteriores. As prácticas de maior risco están a deixar paso á escalada deportiva e á escalada de boulder, cun compoñente máis social e de lecer que de deporte de risco. Así mesmo, ao tratarse dun deporte accesible e sen demasiadas normas, a escalada é apta para persoas de calquera condición física, idade ou hábitos deportivos. Isto fai que persoas que nunca antes practicasen outros deportes acudan aos rocódromos para aprender a escalar sen problema algún.

En Ourense, temos a sorte de contar coa Asociación de Escaladores Ourensáns (ASESOU), que se converteu nunha das Escolas de Base máis importantes de toda Galicia. Todo iso, a pesar da falta de instalacións deportivas para a práctica deste deporte, que cabe destacar, será Olímpico en Tokio, con tres disciplinas: escalada de dificultade ou deportiva, escalada en bloque ou boulder e escalada de velocidade.

Na actualidade, ASESOU conta con 430 licenzas federativas, das cales 177 son de base, o que supón un crecemento exponencial desde 2017, posicionándoo como o club con máis licenzas da Federación Galega de Montañismo tanto globais como de menores de dezaioito anos. Ademais, subvenciona parte da formación dos seus socios, tanto en cursos propios como nos cursos da Escola Galega de Alta Montaña, e destina desde, os últimos dous anos, gran partida do orzamento á compra de material para a práctica e formación das diferentes disciplinas de montaña, poñéndoo ao dispor dos socios de forma gratuíta.

Desde a súa creación no ano 2017, a Escola foi Campioa da Copa Galega de Base no 2018 e en 2019, non podendo finalizar pola pandemia por Covid-19 en 2020. Así mesmo, as súas instalacións foron sede das dúas únicas Copas de Escalada Indoor celebradas en Galicia nos anos 2017 e 2018. En ambas, o club fíxose co primeiro posto.

Desde ASESOU tamén se promocionou e organizou Copa Deputación de Escalda, proba que a FGM delegou neste club e que a día de hoxe é a única que se celebra en toda a comunidade autónoma. Ademais, foi coorganizador coa FGM do Campionato Galego de Escalada de Bloque, evento que se celebrou en Ourense en 2018.

Doutra banda, desde este club tamén se desenvolven programas sociais como **“Deporte sen límites, escalando barreiras”** en colaboración co Servizo de Rehabilitación Infantil do Sergas e as clínicas Movo e Axón Ourense onde se traballa semanalmente por lograr principalmente dous obxectivos básicos: A progresión e ilusión dos mozos e lograr que esta disciplina en Ourense sexa para todos.

A pesar de todos estes esforzos, o aumento de demanda social para practicar este deporte en Ourense provocou que, no curso 2020-2021, quedasen fóra preto de 50 nenos da cidade por falta de instalacións.

Desde Ciudadanos cremos no compromiso que debe ter esta cidade co deporte e aproveitar esta expansión que está a experimentar a montaña en xeral e a escalada en particular. Ademais, do merecido recoñecemento ao labor que este club fixo por esta disciplina durante os últimos anos convertendo a Ourense nun referente da escalada en Galicia e nun atractivo para escaladores nacionais.



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

Proposta para a súa aprobación:

1.- Solicitar ao Goberno local a creación da infraestrutura necesaria para dar cabida á demanda de usuarios simultáneos que existen actualmente en Ourense coas características específicas que marca esta disciplina.

Emenda presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

EMENDA DE ENGÁDEGA

TEXTO INICIAL DA PROPOSTA DE ACORDO

1. Solicitar ao Goberno local a creación da infraestrutura necesaria para dar cabida á demanda de usuarios simultáneos que existen actualmente en Ourense coas características específicas que marca esta disciplina.

PROPOSTA DE ENGÁDEGA

2. Instar ao Goberno Local á inclusión en ditas instalacións, de espazos para a práctica de ximnasia, dada a carencia de instalacións para a práctica da mesma e a compatibilidade que existe entre ambas disciplinas deportivas.

REDACCIÓN FINAL DA PROPOSTA DE ACORDO

1. Solicitar ao Goberno local a creación da infraestrutura necesaria para dar cabida á demanda de usuarios simultáneos que existen actualmente en Ourense coas características específicas que marca esta disciplina.

2. Instar ao Goberno Local á inclusión en ditas instalacións, de espazos para a práctica de ximnasia, dada a carencia de instalacións para a práctica da mesma e a compatibilidade que existe entre ambas disciplinas deportivas.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

En consecuencia a moción queda aprobada coa redacción dada pola emenda do Bloque Nacionalista Galego.

9.11 Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego para a sinatura dun pacto polos Servizos Sociais no Concello de Ourense

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política cobra todo o seu sentido cando é útil á sociedade. Ser útil implica, entre outras cousas, pór os medios necesarios para reforzar os servizos públicos, para mellorar a protección social e para loitar contra a desigualdade. É aí onde as forzas políticas do concello temos o deber, nesta situación tan difícil e dramática para moitas e moitos, de acadar un pacto polos servizos sociais. Un pacto no que teña un lugar predominante o benestar social como ferramenta para mellorar a vida das persoas, especialmente sobre a soidade, a desigualdade ou a vulnerabilidade.

É prioritario desenvolver unha estratexia integral de atención as persoas maiores e con discapacidade que residen no fogar. Para iso, temos que seguir afortalando e profesionalizando a rede de atención, incrementando as prestacións de proximidade, tales como o Servizo de Axuda no Fogar, ou os programas de avellentamento activo e de promoción da autonomía persoal.

Moitas das persoas maiores en situación de dependencia, así como as persoas de menor idade que teñen discapacidade, viven na súa casa e expresaron de xeito reiterado, segundo as investigacións sobre este tema, o seu desexo de continuar vivindo nela e de participar na súa contorna. É, por tanto, indispensable avanzar no deseño dunha proposta de atención integral no domicilio que sexa capaz de incorporar e coordinar os distintos papeis que cumpren os axentes implicados nesta atención, familias, servizos sociais, atención primaria e especializada de saúde, persoal de atención no fogar e coidados, voluntariado, servizos de proximidade ou iniciativas de participación comunitaria.

Esta crise sanitaria golpeou, de maneira inmisericorde, aos nosos avós, avoas, pais e nais. A aqueles e aquelas as que tanto lle debemos, as que cando viñeron mal dadas, puxeron a súa pensión como táboa de salvación para as familias.

Ao mesmo tempo esta crise sanitaria fíxonos tomar conciencia da importancia dos traballos de coidados, traballos feminizados e desvalorizados que foron considerados esenciais. Aquelas que coidan, sobretudo as auxiliares de Axuda no Fogar, seguen a ser un dos sectores máis precarizados con respecto a outros sectores sociosanitarios.

O concello presta o Servizo de Axuda no Fogar a través dunha empresa, o que non lle exime de ter responsabilidades no servizo e de velar porque no mesmo non existan prácticas abusivas que permitan o enriquecemento ilícito das grandes empresas a costa da precarización do servizo e da explotación das profesionais. Maioritariamente as mulleres tiveron que renunciar ao seu emprego para adicarse aos coidados, o que ademais de amosar



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

a falla de corresponsabilidade nos coidados na nosa sociedade, amosa o feble sistema de conciliación.

Era imposíbel prever as consecuencias desta pandemia, porque nos enfrontabamos a un inimigo invisíbel, que non tiña precedentes na historia. Pero agora que tivemos a desgraza de sufrila, é o noso deber aplicar novos procedementos e protocolos para estar mellor preparados para o futuro.

O Terceiro Sector Social unha vez máis estivo e segue a estar a pé de rúa, á beira das máis vulnerábeis. Desde aquí, o noso recoñecemento polo seu compromiso social e a súa tenacidade, que debe ser reflectido na sinatura de convenios que permitan xestionar o inmediato, máis é preciso un cambio de paradigma, e de enfoque de dereitos. E se falamos de proximidade e veciñanza, os servizos sociais xogan un papel transcendental.

Durante esta crise sanitaria as e os profesionais dos servizos sociais realizaron un traballo silencioso e próximo, achegando orientación e axuda a persoas que atravesaban momentos verdadeiramente complicados. Tanto é así que foron considerados servizos esenciais. Mais a escaseza de persoal, derivada da imprevisión derivou nun colapso do servizo.

Por iso, hai que blindar os servizos sociais como ferramenta imprescindíbel para intervir en situacións de desigualdade ou pobreza, para detectar a marxinalidade e para garantir unha protección social adecuada a queles que a requiren para vivir con dignidade. Unha vez máis está en xogo a cohesión social. Entendemos que o pacto polos servizos sociais que propomos, é a forma na que o Goberno Municipal e o resto dos Grupos decidimos achegar posturas para ser útiles a sociedade.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ourense solicita do pleno da corporación a adoción do seguinte

ACORDO

1. Instar ao Goberno Local a impulsar e asinar un gran pacto polos servizos sociais no Concello de Ourense no que se adopten medidas concretas para mellorar os servizos e os recursos vinculados ao benestar social da veciñanza de Ourense no seu conxunto, prestando especial atención ás persoas máis vulnerábeis.

O Pleno do Concello, por vinte e tres votos a favor do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez, dona María del Mar Fernández Dibuja e don Laureano Bermejo Ansia; e tres abstencións do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

9.12 Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego para o mantemento da Universidade Popular do Concello de Ourense dentro da Federación Española de Universidades Populares

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno anterior, este mesmo grupo, o BNG, presentou unha moción na que instaba ao actual Goberno Local a desistir das súas pretensións de desfacerse da xestión da Universidade Popular e a iniciar, de xeito inmediato, o prazo para a selección de proxectos do curso 2022.

Ante a situación provocada, e os últimos movementos promovidos polo Alcalde – Presidente do Concello de Ourense, alumnado, profesorado, veciñanza, persoeiros da cultura, da educación e mesmo o resto de grupos da corporación, vémonos na necesidade de erguer a voz para denunciar e solicitar a paralización do procedemento de baixa na Federación Española de Universidades Populares.

A Universidade Popular de Ourense é un dereito público, adquirido polos ourensáns desde 1910, ano en que foi creada polo profesor e eminente xeógrafo Eduardo Moreno López e, na que entre outros insignes mestres, impartiron ensinanzas membros da xeración NÓS. Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas, Vicente Risco, Primitivo Sanjurjo e tantos outros. Foi suprimida durante os anos da ditadura, retomando a súa actividade hai 25 anos, formando parte do acervo cultural de Ourense na actualidade. Nela, matricúlanse cada ano milleiros de ourensáns, que se afanan na procura dunha praza, proba evidente do seu éxito.

Tal e como acontece no resto do mundo, as Universidades Populares só poden ser xestionadas por gobernos municipais e está indisolublemente vencellada a eles, con independencia da ideoloxía política do momento. E isto é así porque está establecido nas súas bases fundacionais, formuladas polos profesores da Sorbona que a fundaron no ano 1899 en París, para poder educar á poboación xeral e apartala deste xeito dos poderes ideolóxicos que puideran influír nos proxectos educativos. Polo tanto, o seu traspaso a calquera outra institución non é posíbel.

As Universidades Populares están espalladas por todo o mundo. Son miles os centros educativos e millóns de alumnos e alumnas, que coma en Ourense, demandan unha formación pública, continua, permanente e transversal, para adptarse aos constantes e esixentes cambios sociais e económicos que se dan no ámbito laboral e social.

Os diplomas teñen valor curricular, capacitan e crean habilidades que axudan a introducirse no mundo laboral, e abranguen todos os ámbitos do coñecemento que non son cubertos por outras institucións de ensinanza. Idiomas, novas tecnoloxías, informática, formación para o emprego, intervención social, actividades profesionais, benestar corporal, literatura,



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

artesanía, danza, historia, historia da arte, literatura, xeografía, artes escénicas, artes plásticas, restauración, audiovisuais, ciencias da saúde, horticultura e xardinería, etc.

Os plans de formación propios de calquera Universidade Popular están dirixidos a veciñanza a partires dos 16 anos. Son integradores e igualitarios xa que calquera individuo de calquera idade, sexo ou condición social, ten acceso a ela, por iso se chama Universidade, e é para todos e todas, por iso se chama Popular.

Ao profesorado pídeselle unha cualificación e capacitación oficial nas materias a impartir así como a súa capacidade para transmitir os coñecementos. Todo isto plásmase nun proxecto de formación que debe ser aprobado polos xestores e xestoras municipais atendendo á demanda da poboación. Estes mestres e mestras son avaliadas polo alumnado de forma anónima á finalización de cada proxecto formativo, e do resultado desta avaliación dependerá a súa dispoñibilidade cara o vindeiro curso académico.

As actividades desenvólvense en espazos propios da Concellaría de Educación e o custo xerado por cada actividade sufrágase entre as aportacións do alumnado e o orzamento municipal. A UPO é un impulsor cultural e educacional para a poboación desta cidade e proporciona unha cultura pública, continua, permanente, igualitaria, integradora e transversal, ao longo das nosas vidas. Compartindo nela espazos e aprendizaxe xente de todas as idades, de todas as condicións socioeconómicas e culturais, o que xera oportunidades laborais, formativas e vínculos entre xeracións, paliando ademáis o illamento social.

A perda de iconas culturais en Ourense é insostíbel, música, teatro, exposicións, danza e todo tipo de actos culturais e conmemorativos xa non se celebran, xa non hai programación nin espazos en funcionamento, nin eventos que fagan desta cidade un lugar óptimo e axeitado para vivir e sentir a cultura. Ao que se lle suma a actitude de menosprezo, burla, prepotencia, falta de respecto e insolencia por parte do actual rexedor.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ourense solicita do pleno da corporación a adoción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar ao Goberno Local a paralizar o proceso de baixa e polo tanto a manter ao Concello de Ourense e a súa Universidade Popular, dentro da Federación Española de Universidades Populares.
2. Instar ao Goberno Local a que se programe a convocatoria de matrícula dos cursos de formación para o vindeiro curso, coa mesma validez curricular que ate o de agora.

O Pleno do Concello, por vinte e tres votos a favor do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez

Garrido, don José Miguel Caride Domínguez, dona María del Mar Fernández Dibuja e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e tres votos en contra do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

9.13 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para dotar a cidade de Ourense dun Plan urxente de investimento cultural

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o inicio do actual mandato, o goberno de Democracia Ourensana emprendeu unha progresiva descapitalización cultural da capital de Ourense, baleirándoa de espazos e de recursos materiais, técnicos e humanos.

O Festival Internacional Pórtico do Paraíso, o Festival de Música en Clave de Cámara, a Banda de Música, o Festival Corpo a Terra, as Xornadas de Banda Deseñada, a FITO, a MOTI, a MITEU, o Outono Fotográfico, o Verán Cultural son algúns dos exemplos das programacións eliminadas, ás que cómpre engadir a entrega realizada a outras institucións, como aconteceu co **Festival de Cine** ou acontecerá co **edificio anexo á Escola Municipal de Teatro e Música de Ourense**, dos que o goberno municipal quere desentenderse, ou os cambios de uso previstos en diversas dependencias culturais, como a **Sala Valente** ou os locais nos que se impartían as clases da **Universidade Popular de Ourense (UPO)**, para destinalos a oficinas.

E todo elo sen ofrecer alternativa algunha ata a data de hoxe, máis aló das ocorrencias e declaracións de intencións a longo prazo realizadas polo alcalde, que segue a escudarse na COVID para xustificar o desleixo cultural ao que está a someter á cidade.

E mentres tanto, as restantes cidades galegas retomaron a súa programación cultural habitual, con motivo de datas tan sinaladas como a celebración do **centenario da Xeración Nós** –coa que o exconcelleiro de DO, Mario González, comprometera 100 000 euros de investimento por parte do Concello– ou o **Día das Letras Galegas** –celebración na que Ourense foi a única cidade galega sen programación propia– ou as **festas patronais**, que están a celebrarse nas restantes capitais galegas.

Estamos, en consecuencia, ante unha auténtica descapitalización cultural e económica da cidade, ante a falta de investimentos culturais, que o alcalde Jácome considera un gasto innecesario e que, segundo asegurou, suporán un importante “aforro” para as arcas do Concello.



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

De feito, o alcalde mencionou, nos últimos meses, o aforro de 30 000 euros como consecuencia da non renovación do convenio do Auditorio Municipal coa Xunta de Galicia para a celebración de actuacións teatrais e musicais, o que supón o peche do mesmo, ou os máis de 150 000 euros de presuposto da Universidade Popular de Ourense (aos que mesmo engadiu 3 000 euros correspondentes á falta de renovación do convenio coa Federación de Universidades Populares de España), por citar algunhas das cifras sinaladas tanto polo rexedor como por algún dos seus concelleiros.

Un suposto “aforro” ao que compre engadir o feito de que o Concello deixou de convocar as axudas culturais, o que supuxo que moitas asociacións veciñais e culturais perderan as súas subvencións para a realización de actividades relacionadas coa cultura.

Mais un aforro para destinalo a que?

Cal e a alternativa de investimento cultural proposta polo actual grupo de goberno?

Porque ata o día de hoxe, o alcalde nunca revelou a que programas ou actividades dedicaría o suposto aforro económico das partidas destinadas á cultura, malia a insistencia do Grupo Municipal Socialista, pleno tras pleno, en reclamarlle concreción. Ata o de agora, tan só sabemos da súa ilusión por organizar un macroconcerto de Jennifer López, das axudas para a adquisición de obras nas librarías para os cativos ou da proposta fracasada de dotación dun bono cultural á cidadanía para asistir ao dramático espectáculo da agonía e morte da cultura na cidade.

Unha descapitalización cultural que atenta contra o capital social da nosa cidadanía, que se resiste ante os ataques e insultos do alcalde e comeza a dicir basta xa, tal e como se amosou recentemente na manifestación e concentración na praza maior da cidade, en defensa da UPO, ou a través de colectivos que alertan sobre a emerxencia cultural de Ourense e a vulneración dos dereitos universais de acceso á cultura.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, o seguinte **PUNTO DE ACORDO**:

- 1. Solicitar ao Goberno Municipal a dotación e posta en marcha dun plan urxente de investimento cultural para a cidade de Ourense durante o vindeiro e último semestre do ano 2021.***

O Pleno do Concello, por trece votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez e

don Laureano Bermejo Ansia; e tres votos en contra do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.